

BASES PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA A APLICACIÓN DAS NORMAS DO HÁBITAT

1ª.- Normas xerais.

O presente proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases, e, para os extremos non previstos nas mesmas estarase ó disposto nas seguintes normas xerais:

- .- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local.
- .- R.D.L. 781/86, do 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- .- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función pública.
- .- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- .- Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia.
- .- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- .- Real Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoas e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado, e demais disposicións concordantes de aplicación.

2ª.- Obxecto da convocatoria:

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación en réxime laboral de duración determinada dun/ha arquitecto/a técnico/a ó abeiro da Orde do 9 de maio de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras polas que se conceden axudas aos concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat para o ano 2008.

3ª.- Duración do contrato e retribucións

A duración do contrato terá efecto dende a data de contratación ata o día 31 de decembro de 2008.

A xornada laboral será de 40 horas semanais.

A retribución será de 1381,21 euros brutos mensuais incluídas pagas extras prorrateadas.

4ª.- Requisitos das persoas aspirantes:

Para a admisión ás probas selectivas as persoas aspirantes deberán posuír, no día da finalización do prazo, de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: ser de nacionalidade española, dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos en que está definida no tratado constitutivo da UE.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.

c) Capacidade: non padecer enfermidade nin defecto físico que lle impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo obxecto da convocatoria.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario no servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito será esixido ás persoas nacionais dos demais estados membros da UE, no seu caso.

e) Titulación: estar en posesión da titulación de arquitectura técnica ou estar en condicións de obtela na data en que remate a presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

f) Incompatibilidade, segundo a orde do 9 de maio de 2008 *“o desempeño deste traballo será incompatible con desenvolvemento profesional privado no ámbito territorial do Concello ou concellos , se é o caso”*.

5ª.-Sistema de selección:

O procedemento de selección será o concurso-oposición dacordo cos méritos, probas e puntuacións que a continuación se sinalan:

Fase de concurso: se valorarán os seguintes méritos:

a) Experiencia: ata un máximo 3 puntos.

1.- Por servizos prestados nunha administración pública na mesma categoría que a praza convocada: 0,10 puntos por cada mes.

Os servizos prestados nunha administración pública acreditaranse mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou mediante orixinais ou copias compulsadas dos documentos acreditativos da relación laboral e/ou funcional da persoa aspirante.

2.- Por servizos prestados nunha entidade privada na mesma categoría que a praz convocada: 0,05 puntos por cada mes.

Os servizos prestados en entidades privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral, e copias compulsadas ou documentos orixinais dos contratos acreditativos da relación laboral da persoa aspirante.

b) Por cada curso de formación: realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM e cursos impartidos por Colexios Profesionais e Sindicatos, que teñan relación coas funcións do posto e relacionado coas funcións propias da categoría: **máximo 2 puntos.**

- de mais de 100 horas: 0,75 puntos.

- de 70 a 100 horas: 0,50 puntos.

- de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.

- de 15 a 40 horas: 0,20 puntos.

- de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

Cando na acreditación dos cursos non figure o número de horas aplicarase a puntuación mínima.

Fase de oposición: ata un máximo de 10 puntos

Consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico.

O exercicio consistirá na realización, nun tempo máximo de 1:00 hora, dun suposto práctico determinado polo Tribunal e relacionado coas funcións propias do posto técnico convocado.

O Tribunal poderá acordar si así o estima pertinente, a exposición oral do suposto práctico pola persoa aspirante, quedando facultado para facer calquera pregunta que considere oportuna, relativa ó obxecto do exercicio durante un tempo máximo de 15 minutos.

Esta proba cualificarase cun máximo de 10 puntos e para aprobala necesitarase acadar un mínimo de 5 puntos.

6ª.- Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes remata **no prazo de dez días naturais** contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria nun xornal de implantación na comarca ás 14:00 horas.

As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán polos medios definidos no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, instancia dirixida ó Alcalde-Presidente, na que farán constar que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos nas presentes bases.

A solicitude irá acompañada de fotocopia compulsada do DNI, ou pasaporte da persoa aspirante, e dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen, así como o seu currículo para a súa valoración na fase de concurso.

Os aspirantes deberán presentar no Concello a documentación acreditativa dos méritos persoais en orixinal ou copia compulsada. En caso de utilizar outros medios admitidos en dereito deberán enviar solicitude de participación no proceso ó fax do Concello (FAX : 986 383 931) antes do citado remate de prazo de presentación.

7ª.- Tribunal cualificador:

O Tribunal encargado de xulgar estas probas constitúese do seguinte xeito:

- 1.-Presidente: Eduardo Pérez-Izaguirre López e Julio Cesar Doallo Álvarez como suplente.
- 2.-Vocais:

.- M^a Carmen Iglesias Rial como titular e M^a José Blanco Blanco como suplente.

.- Antonio Pérez Collazo como titular e Modesto Solla Sanz como suplente.

.- M^a Angeles Iglesias Rial como Cristina Aballe Sanromán como suplente.

.- Carmen Valtierra Villar como titular e M^a Teresa Freire Estevez como suplente.

Secretario/a: Alvaro Reinaldo Soto como titular e Manuel Fernández Comesaña como suplente.

8ª.- A efectos de valorar os méritos acreditados polos aspirantes (fase concurso) convócase aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 12/09/2008 de 2008 ás 10:00 horas na Casa Consistorial de Nigrán. Así mesmo convocase os aspirantes para a realización da proba o día 12/09/2008 agosto ás 11:00 horas na Casa Consistorial de Nigrán.

9ª.- Contratación

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación ó Alcalde-Presidente do Concello, a favor da persoa aspirante que obtivese a puntuación máis alta. Despois de ser aprobada por decreto a proposta do Tribunal notificarase a persoa interesada para que asine o contrato laboral.

Serán de aplicación ó contrato ás obrigas e estipulacións establecidas na Orde de 9 de maio de 2008 da Consellería de Vivenda e Solo pola que se aproban as bases reguladoras polas que se conceden axudas aos concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, entre outras a da elaboración por parte do persoal técnico contratado de memoria xustificativa da execución do programa.

10ª.- Incidencias: O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do concurso –oposición.

A convocatoria, bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

11ª.- Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.